



DUATLON ENCONTRO MENORES – OURENSE

C.D. La Purísima
Consello de Pereiro de Aguiar
Federación Galega de Triatlón e PM.

A proba rexerase polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Triatlón e P.M. e da Federación Española de Triatlón e contemplará o protocolo preventivo FISICOVID-DXT vixente da FEGATRI.

16 de Maio de 2021
Parque Empresarial Pereiro de Aguiar
Coordenadas: 42°18'58.0"N 7°48'19.1"W

Grupo1 (Aviamán Trail & Tri Multideporte Maside, Club Deportivo La Purisima; Natación Pabellón Ourense)
Grupo6: Club Atletismo Porriño, Club Deportivo Pinarium, Club Triatlón Mar de Vigo, Club Triatlón Poio, Team Corbelo e Triatlón Rias Baixas

Entrega de dorsais 09:00
Control de Material 10´ antes de cada saída
Retirada de material, ao finalizar cada carreira.

Saída pre-Benxamin 10:00
Saída Benxamin 10:30
Saída Alevín 11:15
Saída Infantil 12:00
Fin da proba 13:00

Acceso controlado (COVID19) será obrigatorio identificarse con licenza ou DNI, NIE, Pasaporte.

Pre-Benxamin	200 Carreira a pé+800 mts ciclismo + 100 Carreira a pé
Benxamin	400 Carreira a pé + 1600 mts ciclismo + 200 Carreira a pé
Alevin	800 Carreira a pé + 2400 mts ciclismo + 400 Carreira a pé
Infantil	1200 Carreira a pé + 2400 mts ciclismo + 800 Carreira a pé

Inscripción gratuíta.

Ata o martes, 11 de Maio de 2021

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/inscricións

CLUBS.-Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas).

NORMATIVA XERAL

Segundo se recolle no protocolo COVID-19 de aplicación á proba, citado neste regulamento, é obrigatorio

- Manter a distancia interpersonal de 1.5 m en todo momento, antes, durante e despois da competición
- Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.

En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

Procedemento de saídas:

Saída: escalada, con 2 corredores saíndo cada 20" (vinte segundos) , cada un dende o seu caixón de saída, e cunha separación lateral de 2 metros entre corredores.

Entre cada grupo de 25 deportistas, haberá unha separación de 5 minutos para comezar coa seguinte saída. Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización. Ao entrar no caixón de pre-saída, cando o/a oficial o indique, os/as deportistas poderán quitar a máscara e desbotala no contedor habilitado nese punto a tal efecto. Se un/unha deportista presente non toma a saída no momento que lle corresponde, quedará a xuízo do/a DT

permitirle ou non tomar despois a saída, como moi pronto na última tanda, e asignándolle en calquera caso o tempo de saída que inicialmente lle correspondía.

Chegada a Meta: unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que deberán colocar inmediatamente, e pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta coa súa bicicleta.





Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

Recollida de dorsais: Por medio do delegado ou adestrador de cada clube. Será na carpa de acceso a zona restrinxida, onde deberán de presentar a declaración responsable para poder acceder, xa con dorsal e acreditación.

Abandono da sede: unha vez finalizada a participación deberase abandonar a sede xa que a proba é sen público, evitando aglomeracións ou reunións grupais tanto antes como despois do evento.

Planos General



-  Zona Blindada Acceso restringido solo con acreditación
-  Boxes Zona transición
-  Circuito Carreira a pé
-  Circuito Ciclismo

Planos Circuitos Carrera a pie

Pre benxamin Primeira carrera 200 mts. – 1 volta



Pre benxamin Segunda carrera 100 mts. – 1 volta



Bexamin Primeira carreira 400 mts 2 voltas
Segunda carreira 200 mts 1 volta



Alevin Primeira Carreira 800 mts 2 voltas
Segunda Carreira 400 mts 1 volta



Infantil Primeira Carreira 1200 mts 3 voltas
Segunada Carreira 800 mts 2 voltas



Plano Circuito Ciclismo

Pre-Benxamin 800 mts 1 volta
Benxamin 1600 mts 2 voltas
Alevín 2400 mts 3 voltas
Infantil 2400 mts 3 voltas

